



Libros de onte para hoxe e mañá.

—Análise

Relecturas para un verán que está a pasar



Álex Mene

Escritor e catedrático de instituto

As vacacións, en xeral, e as estivais, en particular, posibilitan un novo tempo e espazo para a lectura. A miraxe da vida semella ir ao ralentí cando permanecemos deitados na area fronte ao mar, de acampada nalgunha vizosa fraga ou estomballados no sofá. Esquecernos do que foi, do que vai vir, do que seremos, dos demais e de nós mesmos. *O dolce far niente*: a ledicia de non facer nada, se iso é posíbel. Son tempos líquidos non só para saborear as múltiples novidades, senón tamén para acougar o ánimo e reler aqueles libros

que, por unha ou outra razón, causaron fonda pegada.

Hai uns anos, Xabier Quiroga deixoume *Atuado na Braña*, pero para quen non se vexa con azos de atacar este volume de 600 intensas páxinas, o autor tamén creou un carameliño titulado *Era por setembro* e no que condensa maxistralmente a súa posta en escena.

Begoña Caamaño fai escribir e falar sen cancelas aos seus personaxes para, se cadra, utilizar a palabra coma terapia. En *Circe ou o pracer do azul* e en *Morgana en Esmelle* ofrécenos unha nova versión de feitos que pensabamos coñecer: Penélope reflexiona verbo do encontro entre Ulises e Circe, e Morgana sobre as arestas da personalidade de Merlín e outros encantos artúricos da familia. Cada unha vive e tece unha versión diferente do mesmo feito. Así de interpretable é a vida e, ás veces ou case sempre, as cousas non son como suceden, senón como as percibimos. Quen puidese vivir en Avalon!

Tamén gocei das miñas andainas pola *Ébora* de Carlos Caneiro, un lugar situado entre o realismo

— Se aos protagonistas do filme *Casablanca* sempre lles quedará París, a nós sempre nos quedará Eduardo Blanco Amor

máxico e o surrealismo, é dicir, aquí ao lado. Unha terra á que un sempre eslumece por volver. E xa que falamos do tempo que, coma a auga ou a area, se nos escapa entre os dedos das mans, cómpre entrar de cheo nese *Futuro Imperfecto* de Xulia Alonso, o retrato dunha xeración a través dun fermoso relato arredor de si. A perda da inocencia a golpes de realidade. Xulia borboríñanos no ouvido para desvelarnos esa forza que, coma o tempo, escapa ás leis da gravidade e que non é outra que a que desprende o amor que damos. O futuro sempre será imperfecto, mais Xulia conxúgao con tal visceral naturalidade que, coas súas verbas, nos axuda a perfeccionalo.

Infantil e xuvenil

Anxo Fariña publicou dous libros, dúas *rara avis* dentro da literatura galega, situados nesa terra de ninguén, e de todos e todas, como é a que vai da literatura xuvenil á novela para adultos e viceversa. *4_Xinetes* e *Horizonte de sucesos* introducénnos nesa delgada fenda que separa o cotián do delirio. Mais

quen sabe por onde cae a fronteira que separa a realidade da ficción? Un territorio ben coñecido e frecuentado por Agustín Fernández Paz, mestre de todos nós. El levounos aló onde sopra o *Aire negro* nos *Corredores* de sombras para recibir arrepiantes *Cartas de inverno*. E xa que recalamos preto da literatura infantil, nada mellor que *O detective de Nullarbor* de Antonio Yáñez para pescudar entre libros e viaxes e descubrir que os personaxes tamén se queren divertir.

María Xosé Queizán animounos a poñer *A orella no buraco* para chegar á conclusión de que *Ten o seu punto a fresca rosa*. Unha autora pioneira á que a literatura galega aínda lle debe unha grande homenaxe. Namentres, ela segue a *Vivir a galope*. E nós con ela.

Moncha Fuentes bisbounos con saudade sobre *O Mar que nos leva* e Fran P. Lorenzo deixounos cos ollos estartelados ao capturar a animalidade que nos atravesa o corazón en *Cabalos e Lobos*. Semella que non aprendemos da historia, das historias que nos marcan a lume as liñas da man.

Ensaio

A poética de Pilar Pallarés agasalounos cun *Livro das devoracións* que medra en cada lectura coma eses círculos concéntricos que se forman na auga cando lanzamos un croio, e Xela Arias, con paciencia de entomóloga, descubriu *Tigres coma cabalos*. E para quen queira afondar na obra desta última, velái esta *Xela Arias. Poeta e tradutora* de Anxo Rajó. Esta parada na arte e no ensaio pasa tamén por asomarnos á vida de *Elisa e Marcela. Alén dos homes*, de Narciso de Gabriel, e teorizar sobre *A materialidade das fillas de Lupa. Obxectos ficcionais femininos na narrativa galega* de Inma Otero.

O teatral *Magnetismo* de Manuel Lourenzo fíxonos pasar *Veladas indecentes*, namentres Rosa Aneiros acariñounos co seu *Sol de inverno* para ensinarnos en que consiste a Resistencia. Unha resistencia que *Os xornalistas utópicos* de Manuel Veiga nos describen durante os anos de formación e aprendizaxe para concluír que *Todo ser humano é un río*.

Como ademais do tempo, o espazo é limitado, obrigado estou a ir rematando esta lista sen fin. Aos protagonistas do filme *Casablanca* sempre lles quedará París. E a nós sempre nos quedará Eduardo Blanco Amor.